




Santiago Prol

‘A edición de autor permite controlar todo o proceso pero hai que ter médios para costeala’

Mensagem de Fernando Pessoa e Os Lusíadas de Camões. Rematei Guía triste de París de Bryce Eche-
nique e Xeografías do sal de Caride Ogando.

Que recomenda ler?

En narrativa *Drácula* de Bram Stoker e todo García Márquez; en poesía ás nicaragüenses Gioconda Belli e Vidalluz Meneses xunto con Benedetti e, por suposto, o Neruda de 2ª Residencia; en Teatro *Lucas de Bohemia* de Valle; en galego os relatos de Ferrín e Sarou de Moncho Caride; en poesía Lois Pereiro e o *Follas Novas* de Rosalia.

Guieiro CULTURAL

Ven de publicar o poemario *Alga e fungo*.

Foi unha incursión estraña. O último poema publicáralo en *Dorna* no 1986. Tentaba escribir un diário ficcionado e decateime un día que naquel rexistro funcionaba mellor o que quería expresar. A experiencia foi de xestación “setemesina”: desde o 17 de Decembro do 1995 até o Día da Pátria do 1996. Despois o de sempre, cinco exemplares para o *Esquío*; cinco exemplares para o *Cidade de Ourense* e para o caixón.

Logo decidiuse por unha edición de autor.

Por consello dun bo amigo. Ademais ten moitas ventaxas. Se tes medios para costealo controlas todo o proceso: papel reciclado de calidade; portada (*Afrodita* e o *Deus Pan* Cabríro); comezo de todos os poemas na páxina dereita; letra xenerosa. Unha experiencia que me serviu –entre outras cousas– para agasallar aos amigos; coloqueilles o oitenta por cento da edición de douscentos vinte exemplares. ♦

Maceda, 1960. Autor de *Alga e fungo* e de diversos traballos de investigación sobre persoeros de Maceda.